

## **De (in)útiles identidades ou sobre novos camiños da planificación sobre a lingua galega a través da interpretación das tendencias sociolingüísticas**

Goretti Sanmartín Rei  
Universidade da Coruña  
goretti@udc.es

Os últimos datos empíricos que posuímos sobre os usos da lingua galega indican que aumenta a cifra de persoas monolingües, tanto en galego como en castelán, aínda que é moito máis significativo o incremento desta porcentaxe no caso do español. Cómpre lembrarmos, antes de máis nada, que monolingües é empregado no noso contexto fundamentalmente co significado de pertencer a un idioma a maioría dos usos que realizan as e os falantes, converténdoa desta maneira na lingua hexemónica e principal nas súas relacións públicas e privadas, un feito que, por tanto, nin sempre implica a falta de emprego ocasional do outro idioma (sobre todo no caso dos monolingües en lingua galega) ou o seu descoñecemento (algo máis habitual para os monolingües en castelán) nin o dominio doutras linguas para usos específicos quer no exterior quer no interior do territorio galego.

Se ao dato con que iniciamos este artigo lle acrecentarmos a demostración da diminución de persoas bilingües con predominio do galego, chegaremos facilmente a deducir que as tendencias dos datos empíricos sobre os usos da lingua galega parecen sinalar unha escisión en dúas comunidades lingüísticas que establecen ligazóns entre si grazas á doada comprensión entre as dúas linguas de que falamos. Fronte a unha utilización condicionada á escolla lingüística do/a interlocutor/a, do contexto ou do medio en que se desenvolve a

interacción lingüística, que se correspondía en numerosas ocasións cun esquema diglósico en que xa non podemos acreditar para nos referirmos ao conxunto da situación sociolingüística galega, xa son máis habituais as conversas bilingües en que ningunha das persoas implicadas muda o seu idioma para se achegar a outro. Un dos datos máis evidentes que sustentan esta idea é a cada vez menor correspondencia de usos condicionados polos criterios do poder simbólico. Bo exemplo disto é a ruptura da tendencia a empregar, no ámbito académico universitario, a lingua que usa a persoa docente, un dato reiterado nas enquisas e contrastado coa práctica de numerosos/as docentes que observa(ba)n unha modificación dos hábitos lingüísticos do estudantado, quer na escrita, quer na oralidade. Xulgamos que nestes contextos é xa perceptíbel unha forte resistencia ao cambio lingüístico –sobre todo na dirección castelán-galego– o que provoca que mesmo en casos en que o profesorado non só emprega o galego senón que fai explícito o seu compromiso con esta lingua é cada vez máis pequeno o número de discentes que deciden daquela instalarse neste idioma, tanto por oral como por escrito. Aínda que a situación paralela –a daquel/a estudante monolingüe en galego que decide non mudar a súa lingua de instalación no ámbito académico– sexa menos perceptíbel, isto é debido a representar unha porcentaxe moi inferior, o que provoca a súa invisibilidade social ou o que, en último caso, explicaría algunhas incoherencias, mesmo en persoas con forte consciencia a respecto da relevancia dos seus usos lingüísticos. Mais o proceso existe, e como acontece sempre que estamos a falar de datos sociolingüísticos, calquera variación, por mínima que parecer, dos patróns habituais de conduta, pode ser relevante. Mesmo esas variacións deberían constituír o centro da intervención sobre as linguas de pretendermos coas políticas lingüísticas mudar actitudes e modificar hábitos, non só promover e fomentar usos.

Un outro exemplo desta tendencia que debería ser máis considerada pola planificación lingüística actual é a diminución daqueles actos de cortesía que, en determinados casos, incluían a rápida petición de desculpas por non falar a lingua galega, habitualmente a través do tópico da súa falta de dominio. O modelo en que todo o mundo debería coñecer o galego (camiño que xa percorrera o español), aínda que os seus usos fosen pequenos ou limitados a actos formais e rituais cede o paso a un ritmo, non moi acelerado mais moi seguro, en que se permite o uso do galego sen precisar o seu coñecemento. É isto acontece non só nas elites sociais, no ámbito político ou nos usos máis prestixiados senón en toda

a escala social e mesmo nos territorios habitualmente definidos como redutos en que o galego posuía unha presenza indiscutíbel, como o mundo rural.

É, pois, evidente que o reparto deste desigualitario e preocupante esgazamento está dominado polos criterios do poder social, político, económico e mediático que converten o español na lingua “neutra” e o galego no idioma “estigmatizado”. A lingua neutra é útil por definición. A lingua estigmatizada debe demostrar a necesidade de manter certos ámbitos de uso. De aí que no caso galego observemos unha enorme flutuación canto ao compromiso cunha comunidade lingüística que nos vincule. Son estes movementos, desde a nosa perspectiva, os elementos máis interesantes para seren aproveitados pola planificación lingüística para responder á conxuntura actual.

Un aspecto esencial é a necesidade de explicarmos as causas que contribuíron á xestación desta nova dinámica lingüística. Xulgamos que foron diferentes os factores que deron orixe a este cambio mais pensamos que, no camiño de nos dotarmos de (novos) discursos, cómpre repararmos nun especialmente significativo por posuír o ámbito académico e filolóxico a posibilidade de achegar unha concepción científica que supere a simplificación existente a este respecto na sociedade. Referímonos a canto contribuímos á xeración do discurso de ser innecesario o uso do galego a través da nosa defensa de seren as linguas fundamentalmente instrumentos de comunicación. É desde esta perspectiva que propiciamos a posibilidade de se incrementaren as conversas bilingües entre persoas que exercen o monolingüismo por seren intelixíbeis as variedades que están a falar, non por se entenderen nin por se sentiren parte do mesmo grupo, pois a distancia entre un e outros conceptos é máis que xenerosa.

Un dos factores causais máis relevantes da situación actual radica na admisión, teórica e práctica, dunha definición que se presenta como neutra sobre as funcións da linguaxe mais onde reside gran parte do poder ideolóxico destrutor de determinados grupos e ideoloxías a respecto dunha ligazón fundamental como a existente entre lingua e identidade, incluíndo nesta epígrafe tamén a identidade nacional ou a pertenza a un grupo perfectamente definido e caracterizado. Referímonos a depositar na linguaxe (e nas linguas) o carácter de preferente, e ao tempo case unicamente, sistema de comunicación da nosa especie. Este feito é falso por estar baseado nunha pequena parte da realidade. Como tantos preconceptos e tópicos que aceptamos, existe algo de verdade nesa afirmación,

mais non por iso deixa de ser falsa globalmente e desacertada no contexto que nos ocupa. É falso, en primeiro lugar por podermos imaxinar situacións en que a linguaxe non conta (ou non abonda) para expresarnos, en que cómpre transvasar a mensaxe a través da arte ou da expresión corporal para que sexa efectiva. Mesmo tod@s vivimos en primeira persoa situacións en que a lingua serviu para desunir e confundir, para non nos entender. En segundo lugar, nun mundo en que as palabras contén, en que o pensamento teña algo novo que expresar, en que as ideoloxías aposten por transformalo e convertelo nun espazo máis xusto, o valor da linguaxe radica no feito de ser o noso principal sistema de representación do mundo, co cal podemos modelar a realidade, reducila a símbolos que colocamos en lugar dos obxectos do mundo.

Nesta liña, as linguas, se as concibirmos como simples elementos de comunicación, serven para ben pouco, son quer absolutamente inútiles quer, cando menos, francamente mellorábeis. De só precisarmos elementos de comunicación para intercambios comerciais, financeiros, protocolarios ou de calquera outra índole que unicamente supoñen a transmisión de mensaxes moi simples a través dun código, serviríamonos de calquera idioma, o propio ou outro calquera que nos axudase a solucionar un problema inmediato.

De elixirmos, no entanto, outro tipo de transmisión, por exemplo, aquela en que nomeamos o que dificilmente pode ter nome (como tivo que facer o feminismo para tantos sentimentos aínda non conceptualizados) só a pescuda e a indagación introspectiva pode dar resultados de interese. Mesmo hai gran cantidade de ocasións en que a linguaxe é unha pexa, algo que nos fai caer en imprecisións e vaguidades por non sermos quen de expresar sentimentos e necesidades. Para sabermos que tempo vai ir, mellor un mapa; para coñecermos a relevancia de certos cargos, só cómpre observar o protocolo; para recoñecermos se hai cinismo ou hipocrisía nalgunhas palabras pronunciadas en contextos formais (ás veces tamén nos informais) hai que acudir á linguaxe non verbal. Mais precisamos competencia lingüística non só, parafraseando Bourdieu, para producir frases susceptíbeis de seren comprendidas, senón fundamentalmente para producirmos discursos susceptíbeis de seren escoitados. E tamén precisamos fomentar a cohesión social que supón o emprego dunha mesma lingua.

Sen entrarmos agora a dilucidar a respecto da existencia ou non de comunidades lingüísticas, imos valernos deste concepto para observarmos os

diferentes graos de participación e de implicación coa(s) lingua(s). Para iso partimos de as comunidades lingüísticas constituíren grupos relativamente heteroxéneos e de se poderen observar nelas diferentes niveis de pertenza ao grupo. Neste sentido é preciso lembrar que participar nunha comunidade lingüística non é exactamente o mesmo que ser membro dela.

Desde esta perspectiva, podemos xulgar que moitas persoas que participan da comunidade lingüística galegofalante de diferentes maneiras non son totalmente membros dela, e aí é onde podemos actuar, onde debemos actuar. Participan desta comunidade aquelas persoas que ocasionalmente falan galego e que mesmo valoran moito este feito sen se atreveren a romper a barreira de se contemplaren como estrañas nun universo dominado polo español. Participan tamén moitas persoas que usan o galego só na escrita ou aqueloutras que empregan un galego moi deficiente nalgúns ámbitos e/ou contextos moi restrinxidos, mais non son membros dela totalmente. Como tamén podemos interpretar que non son membros en toda a dimensión desta palabra, neste contexto histórico en que nos movemos, as persoas que sempre ou case sempre falan en galego mais nunca len neste idioma ou que nunca o escriben. Este feito é tan grave cando esta posibilidade foi roubada historicamente (como aconteceu cos nosos pais, coas nosas nais, coas nosas avoas...), como cando se exerce por vontade. Velaí temos a instalación dunha parte significativa das nosas elites sociais, profesionais liberais, profesorado de todos os niveis de ensino, políticos con importantes responsabilidades de goberno, de todas as formación políticas, etc., que din non ter vagar para ler, ou declaran só ler en español ou traducións por non lles interesar a literatura galega... Velaí temos tamén a necesidade sistemática da corrección lingüística para certos usos formais ou rituais ou a negación dese asesoramento para continuar a vivir na lingua de hai 30 anos, simbolizando que non só eles, senón tamén o galego, pertence ao pasado.

Nesta liña, é vital camiñarmos na dirección de consolidarmos e reforzarmos os usos lingüísticos tendo en conta estes graos de participación e, por tanto, cómpre xerarmos accións e discursos que favorezan estas dinámicas. O centro, pois, da nosa intervención debería dirixirse cara a estes contextos, na idea de pór enriba da mesa recursos que coadxuven á ampliar a nosa pertenza á comunidade lingüística galegofalante a través de usos lingüísticos que nos atinxan, que nos (con)movan. Apostar por construír persoas lectoras en galego, por conseguir que todo o mundo posúa un modelo de lingua en que se recoñeza,

defender a autonomía individual e a xeración de escrita na nosa lingua, ofrecer referentes sociais de prestixio e fomentar a reflexión rigorosa sobre as linguas deben posuír moito máis valor do que lle estamos a conceder.

Un feito que anuncia a interpretación da escisión en dúas comunidades ou, cando menos, que dá conta da xeneralización da falta de vontade de ser membro dunha delas, é a proliferación de iniciativas e debates que nos sitúan nesta posición á defensiva configurándonos xa como un grupo resistente fronte á aniquilación. Nunca foi tan forte e tan evidente esta sensación de derrota e de procura de novos argumentos para nos presentar publicamente.

Porén, as linguas, para existiren, non precisan demostrar a súa utilidade. Ou nós non debiamos reparar nese elemento como principal. Porque hai moitas dúbidas sobre se o criterio da utilidade é o que debe movernos. Na definición de inútil en calquera dicionario, para alén da referencia a que non serve para nada, está a de indicar alguén que non pode mover o corpo ou algún dos seus membros ou que non está capacitado para traballar e entre os seus sinónimos poderíamos incluír formas como *improdutivo, infrutuoso, baldío*.

Definitivamente, desde unha perspectiva que teña como guía a utilidade, o galego encaixa perfectamente nesta definición, a que nos remite a un corpo ou a un organismo enfermo, a un espírito doente, incapacitado para traballar nalgúns ámbitos e a quen temos de subvencionar e de axudar para se valer, tanto externa como internamente. Por outro lado, mesmo sen nos determos aí, é preciso reparar en cantas veces, cando menos na praxe política ou na actividade de xestión que hoxe parece suplantala, parece oporse inútil a responsábel. O responsábel é a utilidade. O irresponsábel é a inutilidade. “Sería irresponsábel non facer isto que pode ser útil”, escoitamos, cando o que se oculta detrás é o sentimento de non querer, de non desexar facer iso.

Cantas loitas teriamos perdido de nos deixarmos levar sempre por esta idea? Inútil oporse ao complexo problema do leite e responsábel dicir que non hai nada que facer. Inútil ser insubmisos e responsábel obxectar. Inútil ser okupa e responsábel xa non arrendar un piso, senón mercar unha casa de nova construción. Inútil defender que as labregas poidan ser titulares ou cotitulares das terras que sempre traballaron. É máis útil, claro. Ou é útil.

Detenémonos un momento en xulgar cantas cuestións van parar, aínda hoxe, a este caixón do inútil, do improdutivo, desde o tempo dedicado ás crianzas ao de facer os xantares e os labores domésticos en xeral, aspectos que xa analizou o pensamento feminista para nos devolver unha visión contraria á que socialmente está prestixiada. Porque o importante será defender eses tempos e eses espazos para todo o mundo e non conseguir que ninguén teña que desenvolver esas tarefas para ser realmente moderno e produtivo.

A utilidade en termos produtivos, en termos de mercado, en termos económicos non pode ser a nosa guía, porque daquela o que teremos que realizar é un proceso de reivindicación da inutilidade, como o que eu estou a facer aquí hoxe. Para que serve a literatura, a arte, o coñecemento humanístico? Para nada. Absolutamente para nada. Improdutividade en estado puro.

Non nos fica outro remedio, pois, que reivindicar a inutilidade de tantas horas nos hospitais á beira dos seres que queremos ou a de tantas horas de coidados e de atencións para os máis pequenos desenvolveren as súas capacidades. Mesmo poderíamos reivindicar a inutilidade dos sentimentos, pois o amor materno, por darnos un exemplo, parece ter a súa utilidade garantida na educación de fillos e fillas e nos coidados que precisan esforzo e traballo físico, mais que acontece cando esa nai está nunha cadeira de rodas, cando non pode desenvolver a serie de traballos que implica a maternidade? Xa non ten valor ese sentimento? Non ten tampouco valor o xesto de tantas persoas doadoras a non ser que teñan un/unha destinatario/a con rostro a agardaren por ese sangue, por ese órgano?

O modelo económico (xa non político) que domina na actualidade impón que os cidadáns convertan a satisfacción dos seus propios intereses no principal obxectivo das súas vidas, mesmo reducindo eses intereses a cuestións de carácter material, de riqueza e bens materiais. O utilitarismo é unha corrente de pensamento que defende a utilidade como o valor máis importante, quer desde a propia conveniencia ou desde o propio pracer, quer orientado a unha ampliación a través da procura da maior felicidade para o maior número de persoas. Por suposto que existen elementos positivos nesta doutrina filosófica de que participou, por exemplo, John Stuart Mill, uns elementos en que agora non imos reparar porque non podemos concordar coa aplicación sistemática dos postulados utilitaristas na sociedade moderna e menos no ámbito das linguas.

Por un lado, unha construción baseada en maiorías e minorías non debería convencer as persoas usuarias de linguas ameazadas que sofren día a día o feito de seren quer unha minoría cuantitativa nalgúns contextos, quer unha maioría dominada e, por tanto, cualitativamente, unha minoría social.

Alén disto, o criterio de utilidade, aplicado habitualmente ao número de falantes que posúe unha lingua, sabemos que é un prexuízo que temos de combater, pois a lexitimidade está sempre de parte das linguas, independentemente do número de falantes e das súas posibilidades de extensión no mundo. Porque non temos menos dereitos lingüísticos nestes momentos con menos utentes de galego que os que posuía a poboación galegofalante de finais do século XIX ou do século XVIII. Xustamente, mesmo sendo menos posuímos realmente máis dereitos polo feito de os construírmos desde a consciencia de sermos na lingua.

Un dos aspectos que máis nos deben preocupar da actual situación sociolingüística, incluíndo nesta a deliberada confusión entre persoal técnico e político, é o feito de trasladarmos os nosos coñecementos científicos sen o rigor e sen a ética necesarios. Porque quizais teñamos que ser capaces de explicar o que pensamos con autenticidade, independentemente de tácticas e de medos a sermos malinterpretados socialmente, talvez teñamos que continuar a formular discursos e partir deles para dialogar, tamén coa intencionalidade de mudarmos algo as nosas posicións, ao tempo que debemos aprender a escoitarnos entre nós e a combater a idea de que todo aquilo que non é útil, que non é práctico a moi curto prazo non vale.

Se definirmos a dinamización sociolingüística ou, nun sentido máis amplo, a dinamización sociocultural, como un método de intervención para que un grupo social concreto mude as súas actitudes de tal maneira que se implique nun proxecto de cambio, que participe nesta nova construción colectiva, teremos que recoñecer que o papel individual ten de ser fundamental nese proceso que esixe unha transformación fonda de mentalidades e actitudes.

Por outro lado, unha construción nunha lingua ameazada, nunha lingua dominada, esixe unha dose suplementaria de esforzo, dun esforzo que vai contra o utilitarismo e que ten na defensa dos valores éticos a súa razón de ser.

Por fin, como as linguas non deben humanizarse, como as e os que sofren, as e os que teñen problemas e conflitos son os falantes e non as linguas, as linguas



serán o que os seus utentes e as súas falantes, quixeren. E os falantes están a decidir continuamente a lingua que queren empregar, están a (re)negociar unha e outra vez coas persoas con que interactúan non só o idioma senón o modelo que elixen, o rexistro que utilizan, os contidos que xulgan acaídos etc. Isto significa recoñecer que nos interesan esas vontades, todas elas, non só a lingua escollida, senón tamén as capacidades para se situaren en niveis cultos e/ou populares e por reparar nos elementos que forman parte dos seus discursos. Fragmentar estas cuestións supón deixar de concibir as linguas como as construtoras do noso pensamento e as mellores definidoras de quen somos ante os demais.

Velaquí a causa de non querermos perder o ronsel dos porqués e os para que defender as linguas ameazadas, e de desexarmos continuar na idea de seren as linguas o centro do noso discurso por cuestións de xustiza e de ética, todas as linguas, non a nosa simplemente polo feito de o ser.